

COMISIÓN PERSOAL 26 SETEMBRO DE 2025

- **Modificación RPT Medio Rural**
- **Modificación RPT Administración especial**

Modificación RPT Medio Rural

Esta Comisión de Persoal se convoca logo dunha Mesa Sectorial de Persoal Funcionario, na que chega unha documentación que posteriormente se anula, se envía outra, e logo sucesivos arquivos complementarios, que deron lugar a reiteradas solicitudes de aclaración na mesa de reunión: finalmente, chega a Comisión de Persoal sin modificación reseñables.

A finalidade segundo a DXEPAP é adaptación a estrutura orgánica, modificación de 44 postos, supresión de 4 postos de xefaturas territorias e modificación retributiva de axentes medioambientais.

Toda vez que se produce unha amortización de postos, sinaladamente 1 de veterinario de apoio gandería Ourense e varios de prevención de incendios, UGT argumenta que as modificación de RPT e aplicación de melloras acordadas non deben facerse a costa destes postos a amortizar, e que se teña especial cuidado con reducir postos de prevención de incendios.

UGT: ABSTENCIÓN CIG: EN CONTRA CSIF: ABSTENCIÓN CCOO: A FAVOR

Modificación RPT Administración especial

Este punto da orde do día tamén se tratou na Mesa Sectorial de Persoal Funcionario previa e na reunión informativa para dar solución as tomas de posesión de Administración especial escala de Ciencias, atendendo a urxencia de tramitar dita modificación. **UGT valora que a súa petición de que as prazas a ofertar para toma de posesión das persoas afectadas por medidas cautelares de suspensión de toma de posesión na prazas obtidas no concurso se atenda, pero non se atendeu a revisión da proposta de nivel das prazas a crear de A2 forestais, para o caso de que non cheganse as prazas ofertadas o grupo A (A1 e A2 nos que elixen primeiro os A1, e no que quede os A2).** A RPT irá a Consello, a DOG e toma de posesión.

A DXEPAP propón na memoria que logo das tomas de posesión se revisaran os postos, pero solicitada aclaración non se refire a petición de UGT de homoxenizar niveis.

UGT: ABSTENCIÓN CIG: ABSTENCIÓN CSIF: A FAVOR CCOO: A FAVOR

Varios

Cronograma e situación dos concursos e reunión informativa solicitada por UGT para valorar si hai máis máis solicitudes de extensión de efectos ou medidas cautelares: Non hai cronograma pero se está avanzando, non hai máis solicitudes de extensión de efectos ou medidas cautelares, se fará reunión si muda a situación actual para dar solución en cada caso.

Carreira: se está valorando as alegacións presentadas na primeira quincena de setembro para convocar reunión. **Non deu data.**